



<u>Acta número:</u> 4	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 18.03.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:10

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo
D. Miguel Ángel Meijón Couselo
D^a Eloisa María Nogueira Garrido
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustin Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: María Herculina Domínguez Martín, por substitución.

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 26.02.2013.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 26.02.2013, que é aprobado por unanimidade (25) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- ECONOMÍA E FACENDA: EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2013 (1CEXT-SUP-2013).

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (abstención do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión de Economía e Facenda, de data 14.03.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 11.03.2013, relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 4/2013 (1CEXT-SUP/2013)), mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe de 3.630.825,37.- €, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 12.03.2012.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. González Carballo**: Bos días, moitas gracias.

Esta modificación que traemos a pleno é consecuencia de unha liquidación satisfactoria dos orzamentos do ano 2012 que deu lugar a que houbera non só superávit senón a que se pechara con 13 millóns de remanente líquido de tesourería. Entón o que vamos a facer con esta modificación de crédito e xa a utilizar de ese remanente líquido de tesourería 3.630.000 euros, que no 90% corresponden ao capítulo de inversións e no 10% a outro tipo de capítulos como pode ser o gasto corrente ou gastos financeiros, etc.

Ben, fundamentalmente o que van é cuestións como a ronda urbana, co convenio asinado coa Deputación; a ampliación do campo de rugby de Monte Porreiro; a ampliación da aula da UNED; ou o tema de 1.260.000 euros para o alcantarillado; ou ben temas como poden ser promoción da cidade con actividade deportiva, tamén por un importe de 90.000 euros. Considero que son actuacións de transcendencia para o Concello e, digamos, significan un aporte importante en materia de inversións nesta situación económica de crise.

Por tanto, solicitar o voto favorable de todos os membros da Corporación e nada máis.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Muchas gracias, Sr. González Carballo.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González**: Gracias, Sr. Alcalde.



Simplemente para anunciar o noso voto favorable á modificación de créditos proposta.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, algunha intervención?.

Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

A Sra. Vázquez Reboredo: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos.

Hoxe traen aquí unha aprobación ao pleno de un expediente de modificación de crédito por valor de máis de 3 millóns de euros e isto é así porque este concello é incapaz de presentar un presuposto para o ano 2013. Traballar cun presuposto prorrogado implica que teñan que vir aquí modificacións de crédito por obras ou por infraestruturas, por inversións o 90%, que poderían estar en marcha ou que poderían estar xa executadas si tivésemos un presuposto como teñen moitos concellos de esta provincia, concellos máis grandes ou concellos máis pequenos, ou incluso a propia Deputación Provincial.

Ter un presuposto implica ter unha ordenación de todo o que se quere facer, de onde se quere investir, implica claridade e implica transparencia e por non ter este presuposto agora temos esta modificación de crédito que aínda a hai que aprobar, e hai que esperar a esta aprobación para facer esas obras, porque claro non se poden estar facendo nin poden estar executadas as obras antes de que se aprobe esta modificación. Así, por exemplo, os veciños de Monte Porreiro que terían que estar xogando a próxima semana un campionato nun campo de fútbol totalmente rematado estarán xogando ese campionato pero exactamente nas mesmas condicións que estaban nos anos anteriores pese a que se lle prometeu que para este momento tería xa as obras rematadas, ao mellor non poderían estar rematadas polo tempo, pero si executándose e xa implicaría que algúns dos seus compromisos chegan á realidade.

Por outra parte, non entendemos como a estas alturas non hai un presuposto cando vostedes na prensa, a principios do mes de xaneiro, dicían que probablemente para finais de ese mesmo mes xa terían un presuposto para o ano 2013, esta claro que non foi así, pero aínda o máis complicado de entender é que a principios do mes de febreiro vostede mesmo dicía á prensa que era complicado facer ese presuposto porque estaban facendo consultas constantes á Xunta de Galicia para ver como se podía facer ese presuposto debido ás novas leis e á nova reforma que se fixo nese campo, sorpréndeme moito e gustaríame ter unha relación de esas consultas que se fan á Xunta de Galicia, sobre todo tendo en conta que a Xunta de Galicia non ten practicamente competencia algunha nos presupostos locais.

Volvendo a esa modificación, chócanos bastante e chama moito a atención que se vaian a pagar case 300.000 euros en concepto de indemnización, iso parécenos que é tirar os cartos de pontevedreses e pontevedresas porque xestionar un organismo público como é un concello, implica ter moi claro onde queremos investir, como queremos investir, para que esas inversións cheguen a algo real e non hai que despois coller os cartos dos cidadáns e tiralos pola ventá practicamente en concepto de indemnizacións, porque con case 300.000 euros se poden facer inversións e se poden facer moitos eventos deportivos, se poden facer moitas cousas. Ademais nos chama moito a atención que na memoria, Sr. González, na penúltima liña do primeiro

párrafo di textualmente: “toda vez que existen toda unha serie de motivacións de carácter inaprazable, perentorio e urxente”, e certo é que a lei só permite modificacións ao presuposto por razóns urxentes, perentorias e inaprazables, sen embargo en toda esta memoria do expediente non encontramos ningunha soa razón concreta que explique esa urxencia ou que explique que sexa algo inaprazable. Din que son gastos urxentes, pero a urxencia non se xustifica só por dicir que é urxente, senón que ten que estar baseada en informes técnicos, que seguro que os hai e que son moi concretos, pero que é unha pena que non aparezan aquí e que non nos expliquen claramente cales son esas razóns, que non sexa máis transparente. Nós non negamos que exista esa necesidade, que exista esa urxencia, pero dende logo aquí faltan razóns e faltan motivacións concretas para esa urxencia e a conveniencia política do Sr. Concelleiro non pode ser unha razón de urxencia.

Polo tanto, nós non nos opomos a que se fagan as obras, faltaría máis, pero non podemos ser cómplices de unha falta de transparencia, de unha falta de cumprir coa obrigaón que é ter un presuposto e ter ordenado, dende principios de ano, como queremos investir os cartos dos cidadáns, así que nos vamos a abster, nos vamos a abster porque cremos que un concello ten que ser transparente, máis transparente, ten que explicar simplemente o por que se fan esas inversións e ten que ser, dende logo, claro, ordenado, e investir os cartos de todos os pontevedreses e pontevedresas con mellor conciencia, con maior rigorosidade, para que logo non vexamos que temos que pagar case 300.000 euros en concepto de indemnizacións.

Nada máis, moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas Gracias.

Sr. Fernández González, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Gracias, Sr. Alcalde.

A verdade é que un pensaba que non ía haber moito debate neste punto, entendía que a abstención do Partido Popular era unha abstención preventiva, que hoxe votaría a favor de esta modificación de crédito e estou un pouco sorprendido, non por o tipo de oposición que estar facendo, que é a oposición que veñen mantendo vostedes, que é unha oposición se queren un pouco decimonónica, están facendo unha oposición absolutamente en negativo, permítame que llo diga, que conste que nós estamos contentísimos que fagan este tipo de oposición, os votantes non o sei, pero nós estamos encantados de que sigan por esa liña.

Mire, en política non se pode dicir unha cousa e máis a contraria, non se pode estar dicindo por un lado unha cousa e por outro a outra, porque dá a sensación de que están vostedes actuando máis como representantes de alguén de fóra de Pontevedra que como representantes dos veciños de Pontevedra, teñen que aclararse un pouco porque as veces as fidelidades excesivas pois levan a contradicións. Esa teima coa transparencia, que sen orzamentos non se pode funcionar, a ver, sen orzamentos se funciona e incluso a Deputación funciona sen orzamentos a veces, ou sexa que non vaia por ese camiño porque creo que se equivoca, honestamente creo que se equivoca por ese camiño.

Entón, sería bo que nos dixeran que o que non lles gusta da modificación de crédito, por exemplo, non lles gusta que fagamos actividades deportivas, pois díganlo; ou non lle gusta que expropiemos terreos, por díganlo; o non lle gusta que acondicionemos o



campo de Monte Porreiro, pois dígallo tamén aos veciños de Monte Porreiro; ou non lle gusta que sigamos co convenio do alcantarillado, pois dígao, vaia dicindo cousas pero non se limite só, e é unha recomendación con cariño, non se limiten só a vir aquí a dicir que non ou a absterse sen máis, fagan propostas, digan en que queren que invirtamos os cartos, ou que non pode ser é que nos estean berrando, cando non facemos nada segundo vostedes non berran porque non facemos nada e cando vamos a facer cousas nos berran porque facemos cousas, parece un pouco de contradición.

Entón, céntrense un pouquiño e digan, mire, a nosa historia vai por aquí e discutimos, pero é que claro vostedes chegan aquí e o único que fan é dicir que non, ou como neste caso absterse que é “yo me lavo las manos”, pero home un partido que pretende ser opción de goberno ten que ter algo máis que o discurso de sempre de: “todo esta mal”; “el mundo se derrumba”; “esto es el apocalipsis”, e sempre referido ao goberno municipal, sempre. Resulta curioso que todas as críticas se dirixan a un goberno municipal, que goberna, que inviste, que intenta favorecer a actividade económica de aquí e nunca haia a máis mínima crítica aos seus compañeiros de Santiago, porque en algo tamén se equivocaran, e nunca se lles escoita a vostedes unha crítica aos seus compañeiros de Santiago; entón claro, parece que vostedes confunden a defensa dos intereses do Partido Popular coa defensa dos intereses dos cidadáns de Pontevedra, e sería bo que se aclarasen e que de vez en cando, xa non digo sempre, pero de vez en cando, cando os seus compañeiros de Santiago non estean acertados pois que o digan, por exemplo, cando prometen facer un novo Carlos Oroza e non o fan, protesten vostedes un pouquiño tamén, non só cando fagamos cosas nós que non lles gustan senón cando as fagan eles. Iso lles daría, penso eu, un pouquiño máis de credibilidade.

Insisto, sigan vostedes así que ata estou contento, pero creo que para os seus propios votantes non están vostedes dando un exemplo do que debe ser unha oposición, que pretende ser nalgún momento unha opción de goberno, polo tanto creo que se equivocan e, en todo caso, aclaren a súa posición e dígnannos da modificación de crédito o que non lles gusta, nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Ten a palabra o Sr. González Carballo.

O Sr. González Carballo: Si, vamos a ver, orzamento haino, será prorrogado pero hai orzamento, é máis neste momento se sitúa en setenta millóns e medio de euros, entre a prórroga, as incorporacións e esta modificación, digo para que teña os datos.

En segundo lugar, todas menos unha, que é o convenio da rolda, absolutamente todas están en marcha e houbera pasado ou non, digamos a aprobación inicial do orzamento por este pleno, isto tería que vir exactamente igual, porque ou son obras en marcha ou son compromisos adquiridos posteriormente, etc., polo tanto tería que vir de todas maneiras. Polo tanto, a razón en todo caso é outra e lle podo dicir, o acondicionamento do campo de rugby de Monte Porreiro pois resulta que sube o IVE, a Deputación non quere asumir, na súa parte, o que corresponde de incremento de IVE e por iso estivo paralizado, simplemente por iso, senón pregunte e senón pida informes na Intervención municipal.

En todo caso, o retraso é imputable ao Partido Popular e á Deputación de

Pontevedra, no caso do campo de rugby de Monte Porreiro, mentres que no de Marcón, que nós aportamos á Deputación está terminado, iso é o curioso do asunto e a Deputación, curiosamente, nin transfere os fondos nin moito menos e estivo dando lerias en este asunto. En todo caso ao mellor vostede ten algo que ver no asunto, no retraso, iso xa non o sei. A cuestión é outra e isto tería que vir de todas todas e é que vostedes non queren que se faga isto, eu non sei que mal lle fan os veciños de Pontevedra a vostedes porque non queren que se faga nada, todo é poñer atrancos, todo, todo; entón, díganlle aos veciños que non queren que se fagan estas inversións, díganllo.

Con relación ás consultas que me dicía vostede, como fai moitos recados á Xunta aí o Sr. Jacobo Moreira, que vaia de volta e que lle pregunte polos correos e polos emails que lle mandamos, porque ao mellor tamén llos dan, entón xa el mesmo xa os trae de volta e aproveita o viaxe de ida e o de volta, aproveita os dous e só gasta un e esa é a cuestión.

O Sr. Alcalde

Moitas gracias, Sr. González Carballo.
Sra. Vázquez Reboredo.

A Sra. Vázquez Reboredo: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Mire, Sr. Fernández, sorprendido si que nos ten vostedes sorprendido, igual se olvidou que estamos no pleno do Concello de Pontevedra e por tanto no pleno do Concello de Pontevedra, haberá que preguntarlle ao goberno do Concello de Pontevedra polo que cremos que necesitamos preguntarlle, non lle vou a preguntar á Xunta porque aquí quen goberna é o concello, non é a Xunta porque non estamos intervidos, que eu sepa, porque resulta que se estamos intervidos que nos manexa son outras entidades, que non é precisamente o caso. Estou aquí precisamente para defender os intereses dos pontevedreses e pontevedresas, nós non nos opomos a que haia inversións, a que haia eventos deportivos, parécenos estupendo, pero e as explicacións e por que é tan complicado neste Concello ter un presuposto para o ano 2013, por que temos que traballar con un presuposto que está prorrogado e que implica complicacións porque, por suposto, na Deputación tamén temos de vez en cando un presuposto prorrogado pero intentamos telo, como o temos este ano aprobado dende o 28 de decembro de 2012 para o ano 2013, porque iso implica axilidade, por que implica ter repartido os cartos dos cidadáns en diferentes entidades, e implica transparencia, ordenación e transparencia que é o único que pedimos. Se queren facer as inversións non nos vamos a opor e non nos estamos opoñendo, o único que queremos e que nos explique a urxencia concreta, que é algo que debería estar nos informes e que seguro que hai informes técnicos que o explican, entón, cal é o problema de dar esa explicación?.

Por outra parte, Sr. González, non debe ser tan complicado facer un orzamento, se o fixeron outros concellos, porque non facer un orzamento onde todo estea distribuído, onde sepamos dende o principio onde se van a facer esas inversións. Nós si que queremos dicirlle aos cidadáns onde se van a facer esas inversións, vostedes poderían facelo, por que traballar con un presuposto prorrogado, porque non é transparente. Entón, sexamos un pouco máis transparentes e fagamos as cousas como as que



facer.

O campo de fútbol de Marcón fíxose porque a Deputación licitou e executou; o campo de fútbol de Monte Porreiro está aprobado dende a Deputación dende novembro e non se fixo porque non temos un presuposto, agora temos que esperar a que se aprobe isto para que os veciños podan disfrutar de el.

Entón, nós non nos opomos, simplemente queremos transparencia, queremos que expliquen, que o que teñen que explicar, porque isto é urxente, vostede di que é urxente, pois explíqueo, explique as razóns concretas, porque as motivacións políticas súas non é unha razón concreta para unha urxencia. É o único que pedimos transparencia e que fagan un presuposto para o ano 2013, que tan complicado non debe ser cando outros concellos máis grandes e máis pequenos puideron facelo, esa é a razón.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Non é normal que eu diga nada, pero é que non me gusta que queden as cousas sen aclarar.

O Campo de Monte Porreiro fíxose, no seu día, con un acordo entre a Deputación e o Concello e logo quedamos de facer un proxecto complementario para completar certas cuestións. Ese proxecto complementario se mandou á Deputación, creo que foi en xaneiro ou febreiro do ano 2012 e tardou entre seis e nove meses en comunicar oficialmente que si e poñer a disposición os cartos do Concello. Polo tanto, non se fixo o ano pasado porque a Deputación, polas razóns que fora, non o mandou, cando o mandou foi en novembro, houbo que adaptar o IVE, non daba tempo a executar co exercicio pasado e houbo que facer todas estas cousas.

Entón, sexamos serios con estas cousas, o Presidente da Deputación e o Alcalde de Pontevedra, quedamos publicamente emprazados a ampliar un campo que tiña unhas eivas, entre elas unha grada e algunhas outras cousas; se mandou o proxecto en tempo e forma e tardamos nove meses en confirmar a aportación da Deputación e, polo tanto, non se puido facer o ano pasado e hai que facelo este ano e hai que adaptalo ao IVE do 21, que o subiu o Partido Popular, por certo, etc.

Polo tanto, sexamos serios nos plantexamentos, non vale calquera cousa e eu estou encantado de firmar un convenio co Presidente da Deputación nos temas que sexa, porque me parece que debemos colaborar as distintas administracións, pero non lle votemos a culpa a que non a ten.

Esa era unha aclaración que me resultaba necesario facer.

Algunha cousa máis?. Sr. González Carballo.

O Sr. González Carballo: Ben, aclarado iso, que había consignación o ano pasado o que pasa e que non é obxecto de incorporación, na propia liquidación do orzamento ven que necesidades de consignación orzamentaria no orzamento do 2013, na propia liquidación, entón ten aí xustificación de abondo, outra cousa é que non queiran votar a favor pero di que existen compromisos que non poden ser obxecto de incorporación, que o ano pasado si tiñan consignación e aínda que se aprobara o orzamento, insisto, non estarían dentro de el, polo tanto habería que facer exactamente igual a modificación de crédito.

En todo caso, algo no que vostede fixo fincapé ao inicio de unha indemnización, mire, xa foi obxecto de este pleno, a empresa pedía 700 ou 800 mil euros, resulta

que o Concello opúxose e resulta que ganamos porque reclamaban moitísimo máis e agora temos que pagar en torno a 300 mil euros, pero o que reclamaba a empresa era moitísimo máis, este Concello se defendeu como se defende no caso de SOGAMA e moitos outros e está conseguindo bos resultados. Polo tanto, non é ningún tipo de despilfarro, se fixéramos o que querían vostedes aí si que tiveramos despilfarrado. Neste caso a empresa reclamaba moitísimo máis e se lle discutiu xudicialmente e ao final pois nos deron a razón, nos deron a razón porque nós si lle propoñíamos unha liquidación do entorno do 10 ou do 15 por cento, non me acordo agora exactamente de memoria, a empresa se negou en banda porque si había incrementos de obra, se negou en banda, reclamaba moitísimo máis e por tanto esa é a situación. Entón, en todo caso, é unha boa xestión por parte do Concello o tema ese.

No demais, insisto, son temas que terían que ir si ou si e, polo tanto, mire, alá vostedes coa súa liña política pero a cuestión é que non están favorecendo para nada aos veciños desta cidade na medida en que o normal é que, nestas circunstancias económicas, digo polo menos nestas circunstancias económicas, calquera inversión racional como son absolutamente todas estas, pois benvida sexa e axuda a mellorar a precaria situación na que se atopan os nosos veciños.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación á proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 4/2013 (1CEXT-SUP/13), por un importe total de TRES MILLONS SEISCENTOS TRINTA MIL OITOCENTOS VINTECINCO EUROS CON TRINTA E SETE CENTIMOS (3.630.825,37.- €), con arranxo ao seguinte detalle:

PARTIDA	NOME PARTIDA	ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS
		CEXT	SUP	RTGX (870.00)
03.491.0-227.06	Adaptación á Lei 11/2007	21.778,79 €	0,00 €	21.778,79 €
05.341.0-226.09	Actividades deportivas	0,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €
13.450.0-352.00	Xuros de demora	230.915,89 €	0,00 €	230.915,89 €
13.151.0-621.02	Expropiación de terreos	0,00 €	555.030,56 €	555.030,56 €
13.155.0-619.05	Pavimentacións e infraestruturas: Núcleo Urbano	0,00 €	294.446,16 €	294.446,16 €
05.342..1-619.17	Acond. Exterior CF Monteporreiro	0,00 €	45.987,34 €	45.987,34 €
10.336.0-619.90	Musealiz. Restos Campiño	3.953,87 €	0,00 €	3.953,87 €
11.161.1-619.00	Rede de Sumidoiros	0,00 €	1.260.474,05 €	1.260.474,05 €



11.171.0-619.71	Parque infantís nas parroquias	32.863,60 €	0,00 €	32.863,60 €
03.933.0-632.00	Edifícios e outras construcións	0,00 €	144.300,76 €	144.300,76 €
13.155.0-619.72	Melloras accesibilidade urbana	0,00 €	162.161,31 €	162.161,31 €
05.323.1-723.00	Convenio UNED: Ampliación do edificio	55.000,00 €	0,00 €	55.000,00 €
13.453.0-761.71	Convenio Deputación: Ronda Urbana	733.913,04 €	0,00 €	733.913,04 €
		1.078.425,19 €	2.552.400,18 €	3.630.825,37 €

Sendo a súa distribución por capítulos a seguinte:

MODIFICACION ORZAMENTARIA	CREDITO EXTRAORDINARIO	SUPLEMENTO DE CREDITO	TOTAL MODIFICACION POR CAPITULOS
CAPITULO 2	21.778,79 €	90.000,00 €	111.778,79 €
CAPITULO 3	230.915,89 €	0,00 €	230.915,89 €
CAPITULO 6	36.817,47 €	2.462.400,18 €	2.499.217,65 €
CAPITULO 7	788.913,04 €	0,00 €	788.913,04 €
TOTAL 1 CEXT-SUP/2013	1.078.425,19 €	2.552.400,18 €	3.630.825,37 €

Segundo.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Esta modificación orzamentaria considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

3.- ECONOMÍA E FACENDA: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA, RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, TRANSPORTE, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS E OUTROS OBSTÁCULOS DAS VÍAS PÚBLICAS.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (voto en contra do grupo municipal do PP), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 14.03.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 21.12.2012, relativa á aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida, retirada, inmovilización, transporte, depósito e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 12.03.2013.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do BNG.

O Sr. **González Carballo**: Vamos a ver, esta taxa non foi obxecto de modificación no seu día, nin de actualización e, digamos, no mes de novembro, por unha razón obvia, resulta que estaba pendente de un estudio de custos por parte dos servizos e estaba en tramitación paralela, por dicilo dalgunha maneira, este expediente.

Entón, ven hoxe aquí e evidentemente esta taxa pois significa intentar equilibrar os custos do servizo, que tal como se ve no propio informe de Intervención os ingresos serían aproximadamente 545 mil euros e, sen embargo, o gastos 637 mil, sen contar os custos indirectos, aínda así esta taxa ten unha lixeira perda tal como ven a pleno, aínda así sería unha taxa deficitaria tal e como se desprende xa digo de todos os informes, pero evidentemente nós o que pretendemos é ao menos cubrir os custes da empresa, na maior parte do posible, e así é como ven esta taxa.

Evidentemente non estamos falando unha taxa universal, estamos falando de unha taxa para os que cometen infraccións, é dicir para os que obstaculizan a entrada de vehículos nos garaxes ou en pasos de peóns, ou en sitios reservados a minusválidos por tanto estamos falando de persoas que, polos motivos que sexa, infrinxen a normativa e obstaculizan ou causan determinados prexuízos. Insisto que non é universal, das 4 mil retiradas, aproximadamente, que se fan de vehículos, non chega ao 40% o que son veciños de Pontevedra, hai algún, hai que recoñecelo, que é reiterado, polo tanto estamos falando que pode afectar a mil, mil douscentos, infractores na cidade, dos 80 mil habitantes.

De todas maneiras, por que se sube ou a que se debe o incremento, ou porque pretendemos que sexa menos deficitaria, por unha razón obvia, nós estábamos funcionando en precario, tiñamos un contrato provisional cunha empresa, que fomos prorrogando tacitamente, fixémonos así un pouco o parvo, non sabíamos que custaba máis o servizo e fúmonos facendo o parvo coa empresa, pero claro nun momento a empresa xa ameazou que o isto sae a concurso ou senón nós nos vamos, non, claro porque tiña perdas substanciais e evidentemente non tivemos máis remedio que sacalo a concurso, foi pola vía administrativa, ou sexa foi lentamente pero ao final estas cousas sempre saen; en concreto se adjudicou a mediados do ano pasado o novo concurso no que a retirada de un vehículo son 106,82 euros; por certo que neste concurso se celebraron tres mesas de contratación, nas que estivo presente o Partido Popular que por certo tivo..., fixo varias preguntas na mesa, falo de memoria pero se podería ver nas actas e tanto na primeira sesión, como na segunda, como na terceira das adjudicacións votaron absolutamente todos os membros a favor da proposta. Polo tanto, quero dicir que foi sacado o concurso por unanimidade e, en todo caso, entendendo, loxicamente, que se adjudicamos un concurso con estes importes pois loxicamente a taxa ten que equilibrarse digamos na súa maior parte.

Esta é a situación, polo tanto, insisto, debéra de entenderse que estamos intentando cubrir o curso do servizo e non podemos imputarlle ao resto dos cidadáns o importe deste servizo, é dicir non teñen que pagar como diría..., como din as sagradas escrituras "justos por pecadores", é dicir esa é a cuestión, fíxense unha cousa, se nós mantiveramos a taxa en 87 euros, agora xa co IPC o que vai a pagárselle á empresa, xa en xuño, pois xa pasará aos 110, aproximadamente, ou sexa que estamos falando que vai a ser superior, pero vamos calculemos que aproximadamente 30 euros por 4 mil vehículos sería que os xustos do concello estaríamos pagando 120 euros aos pecadores de estes e outros concellos. Dende



logo creo que non ten xustificación ningunha que o diñeiro público o destinemos a subvencionar infractores, polo tanto de aí que traemos está proposta con independencia de que a suba é substancial pero ten que ser así dado que o custo do servizo é ese.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

O Sr. Fernández pasa. Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, Sr. Fernández.

Dende o grupo municipal do Partido Popular xa anunciamos o noso voto en contra porque dende logo nós non imos a apoiar o incremento, unha vez máis, de un tributo municipal e menos aínda unha suba dun 32 por cento.

Hai uns meses vostedes trouxeron aquí unha serie de ordenanzas fiscais nas que a pesar da situación nas que se atopa a economía de Pontevedra, sufrindo bastante como todas as demais, vostedes optaron por subir os tributos locais unha media de un 3 ou 3,2 por cento e agora o que fan e multiplicar iso por 10 subindo un 32 por cento. Vostedes utilizan o argumento de que é xusto que o infractor pague, pois claro, efectivamente, ninguén está dicindo o contrario, o infractor ten que pagar pero parece que ata agora están recoñecendo, durante os últimos anos, que o servizo era deficitario e parece ser que ese déficit o estábamos asumindo todos os cidadáns, non podo entender de outra maneira ese cambio de postura, polo tanto vostede debe unha explicación, Sr. González. En segundo lugar, recoñece que aínda sendo así segue sendo deficitario, é dicir están asumindo que o infractor non é o que paga todo o custo do servizo pese a ser o xusto como vostedes din.

A realidade é que ao final no ranking dentro de Galicia, das grandes cidades, soamente nos supera Vigo con 132 euros, por debaixo de nós, con un custe máis barato, están A Coruña, con 98,87 euros, Ourense con 80,20, Lugo con 78, Ferrol con 77 e Santiago con 73,65. Polo tanto, outra cousa sería modular a taxa en función das circunstancias que tamén se podería ter contemplado nesta ordenanza, por exemplo, non é o mesmo estacionar nunha zona na que non se entorpece o tráfico que nun sitio onde si se bloquea a circulación, por exemplo un coche que está estacionado en dobre fila e non deixa espazo suficiente para que pase un autobus e polo tanto colapsa toda a rúa, pode pasar por exemplo na rúa Echegaray, creo que non merece o mesmo tratamento un condutor que aparca nun currunchito no que non estorba a ninguén que un que si que estorba a toda a cidadanía e a toda a circulación. Por outra banda, non é mesmo a retirada de un vehículo en horario laboral que facer o servizo de retirada pola noite porque, evidentemente e eu creo que isto é indiscutible, o custo do servizo pola noite é maior que todo o día porque haberá que pagar tamén a nocturnidade dos funcionarios e dos operarios que están traballando pola noite, polo tanto aí debería modularse e facer que o custo se repercute máis no responsable en función das circunstancias e tampouco é o mesmo a retirada de un vehículo mal estacionado durante cinco minutos que a retirada de un vehículo que leva dous meses abandonado utilizando a vía pública como se fose un aparcamento privado, creo que non merecen o mesmo tratamento unha situación e a outra.

En todo caso, tamén semella que a función sancionadora se establece co custo da

grúa en vez de coa sanción, é dicir non é lóxico que pola grúa se lle cobren 115 euros a unha persoa que cometeu unha infracción e sen embargo a sanción sexa inferior, sexa de 100 euros, parece que a sanción é o custo da grúa en vez de ser o importe especificado na ordenanza municipal e no regulamento de condución.

Polo tanto, dende o grupo municipal do Partido Popular non vamos apoiar esta suba desproporcionada coa que evidentemente a maioría da cidadanía está en contra, non temos máis que saír á rúa e escoitar o que din os cidadáns con respecto de esta noticia.

Nada máis, moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Sr. Fernández, ten a palabra.

Sr. Fernández González: Gracias, Sr. Alcalde, pois non me vou a poder quedar calado.

Tiña poucas ganas de falar pero hai un compoñente demagórico importante na súa intervención, Sr. Moreira e a min paréceme un pouco inaudito que esteamos aquí discutindo e debatendo se lle cobramos aos infractores ou facemos pagar parte de esa infracción aos que non a cometeron, porque ese é o fondo da cuestión. Despois se pode revestir con argumento pero a verdade é que o fondo é que paguen menos os infractores e a diferenza que a paguemos os demais, é dicir que a pague o Concello que somos o resto dos cidadáns e a min me parece, comprenderá que é difícil de entender esa aproximación do Partido Popular á defensa dos infractores e non quero ser malo nin facer chistes fáciles con iso pero parece que están vostedes aquí defendendo a aqueles que incumpren a norma; modulando, non sei se cinco minutos máis o cinco minutos menos, non sei como se pode modular iso, é unha cousa así un pouco estraña.

Este non é un problema de facer comparativas de onde se paga máis ou onde se paga menos, iso tería certo sentido se estivésemos ante un taxa que grave a todos os cidadáns, entón si que poderíamos facer comparativas, ata llas admitiría, xa llas admitín en algunha ocasión e o Partido Popular non sae moi ben parado de iso cando goberna, tería sentido pero aquí é que non o ten, esta non é unha taxa que grava aos cidadáns, esta é unha taxa que grava a aqueles que incumpren coa normativa que é cosa distinta. Polo tanto, a non ser que vostedes teñan feito un estudio segundo o cal os votantes do Partido Popular son os máximos infractores perseguidos pola grúa de Pontevedra, e que non entendo o voto en contra, de verdade que non o entendo, non ten moita explicación vir aquí a defender aos que cometen unha infracción e con isto me quedo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Fernández.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: As cousas son comparables cando son. No Concello de A Coruña neste tipo de vehículos, os que nós temos ata 3.500 quilos, teñen digamos tres pasos diferente, é dicir, teñen tres tarifas diferentes, unha delas é de 149,58, os que pasen dos 2.500 quilos, por exemplo, entón de mezclar as cousas ten que ser



dentro dos mesmos parámetros, se cambiamos os parámetros pois evidentemente non é o mesmo e o importe por día de estes vehículos é 31,36 euros, polo tanto en Coruña habería que facer medias. Non vou a entrar máis en esa discusión porque noutros sitios como Santiago vai vinculado ao contrato da ORA, etc., é dicir cada contrato da grúa ten a súa aquela, por non dicir que o de Pontevedra e de Vigo son os únicos que non leva Vendex, ao mellor tamén ten algo que ver pero o contrato de Pontevedra e o de Vigo son os únicos que non leva Vendex.

De todas maneiras estamos a falar do que estamos a falar, vamos a ver, vostedes votan a favor de o contrato, o cal me parece lóxico, é dicir é a proposta dos técnicos, ben estudada, etc., vale, votan a favor coherentemente. Ben, están de acordo con que teñen que pagar os infractores, entón non entendo a pirueta de votamos en contra, non me acaba de casa, porque vostede me pregunta e eu lle respondo, por que cobraban antes 87, era o que estaba cobrando a empresa, ao Concello lle custaba a taxa, perdón, ao mellor uns céntimos máis na revisión que non me acordo de memoria, máis ou menos o que era a taxa. Que pasa?, a empresa estaba soportando unhas perdas, de aí que ameazou con marcharse e por iso tivemos que sacalo a concurso, porque non tiñamos garantía de ter o servizo, senón eu encantado que continuara aquel contrato provisional “per secula seculorum”, a cuestión é esa. O Concello non estaba soportando practicamente nada do que se lle estaba pagando a empresa, como consecuencia do novo contrato sube e hai que subir a taxa, é que é de unha lóxica aplastante.

Entendo que votaran a favor, entendo que deben pagar os infractores e comparten iso comigo, agora que despois digan “votamos en contra” sinceramente no o entendo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Sr. Moreira, ten a palabra.

Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente.

Vamos a ver, e que nós non podemos votar nunha mesa de contratación na que temos voz pero non temos voto e adxudicación dos contratos as fai, como vostede estou seguro que sabe, a Xunta de Goberno Local e non unha mesa de contratación que simplemente fai unha proposta.

Pola mesma regra de tres tamén poderíamos dicir que non é xusto que as persoas que teñen dado de alta correctamente no catastro as súas construcións, están soportando un incremento do IVE nos últimos anos no Concello de Pontevedra por mor de que hai moitísimos inmobles que non están dados de alta e, polo tanto, non están cobrando, agora parece que si que van aflorando moitísimos inmobles e incluso vostedes aportaron cifras de que isto supón un fraude de un millón de euros, pois un millón de euros que se se viñera cobrando nos últimos anos podería ter conseguido que non nos subiran os impostos ao resto dos cidadáns. Por poñerlle comparativas, tampouco é xusto que por cada coche que pasa pola autovía do Salnés, que o seu partido, o Partido Socialista, puxeron en marcha teñen que pagar os cidadáns que non o utilizan, e tampouco é xusto que unha persoa sen mobilidade e sen autonomía para saír á rúa pois teña que pagar por un servizo de limpeza de rúas cando esa persoa non ensucia a rúa, por facer un pouco demagogia como fan vostedes.

Neste caso, no caso de unha cidade como a de Pontevedra na que se tivéramos transporte público urbano, que non o temos, tampouco que parecería xusto que unha persoa que non usase ese transporte tivese que pagar por ese servizo que seguro que sería deficitario como é en todas as cidades.

Polo tanto, nós estamos en contra de un incremento tan desproporcionado dos impostos e creo que que é o que opinan os cidadáns e polo tanto mantemos esa posición.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Algunha outra intervención?. Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Vamos a ver, Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra, número 208, luns 27 de outubro de 2008, que creo que vostede era concelleiro, Regulamento orgánico da administración municipal: “a mesa de contratación estará formada por un Presidente, un mínimo de 5 vogais e un Secretario designados polo órgano de contratación, entre os vogais deberá figurar necesariamente: o titular da Asesoría Xurídica; o Interventor Xeral municipal; e un funcionario técnico do servizo competente por razón da materia, sen prexuízo das posibilidades de delegación de calquera deles; tamén formará parte da mesa un concelleiro en representación de cada grupo municipal, computándose a estes efectos o Presidente da mesa, o Secretario será designado entre os funcionarios do órgano de contratación”. Onde pon que ten voz pero que non ten voto, se é membro da mesa ten voz e voto, pero que vai a ser de execución se está aquí, lease isto que o votou a favor, eu sei que o leu e que o sabe pero intenta sembrar dúbidas, pretende sembrar cizaña, pero os membros teñen voz e voto. Estamos falando de que a mesa de contratación votou favorable e vostede acaba de dicir que teñen voz e non teñen voto, acaba de dicir iso. Con relación á adxudicación votaron favorablemente e vostedes votan esa é a cuestión.

Non é un imposto isto, é só para os infractores, agora se os quere seguir defendendo, alá vostede.

Moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación á proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Acordar a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido 2/2004,



polo que se aproba a Lei de facendas locais, o presente acordo de aprobación provisional de modificación, exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días así como no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da exposición pública, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente, e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Tamén se publicará nun periódico dos de maior circulación da provincia o anuncio de exposición pública.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora establecida, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Cuarto.- Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a modificación da ordenanza, á publicación íntegra do acordo de modificación, así como do texto integro da modificación da ordenanza no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.

C) MOCIÓNS URGENTES.

C.1 PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILABOA. INFORME MUNICIPAL/ALEGACIÓNS NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E AUDIENCIA AOS CONCELLOS SUBSECUENTE Á APROBACIÓN INICIAL DO DEVANDITO PLAN.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), considérase aprobada a urxencia.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** explica que se trata dunhas alegacións aprobadas, por unanimidade, na Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Servizos, acerca do planeamento de Vilaboa e a proposta sería aprobar o ditame da comisión que necesita ser ratificado.

Aberto o debate, concédese o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

O **Sr. Mosquera Lorenzo**: Non creo que tiña que ter maior debate, simplemente dicir, como sucede sempre cando hai un plan, ten que informar os concellos limítrofes, neste caso os técnicos informaron sobre o plan, hai dúas cousas que son coñecidas, unha o dos lindes que sempre hai un problema tremendo, non nos lindes senón na cartografía por que son cartografías diferentes e entón hai cachos de Pontevedra que incorpora Vilaboa e viceversa que son erros que suceden sempre e que se corríxen despois na tramitación e outro o do Gafos, é un polígono industrial que contempla en torno do Gafos que, en principio, afectaría á defensa do ENIL do Gafos, na comisión estivemos todos de acordo, son os informes técnicos tanto de urbanismo como de medio ambiente e hai que facer este trámite para remitilos.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Ten a palabra don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Aguilar Argenti**: Si, muchas gracias, Sr. Alcalde.

El tema viene que nuestro partido cuando tuvimos la comisión de infraestructuras, donde se trató este asunto, entendió que lo que se apuntaba y allí se acordaba, es que se solicita por parte del Presidente, en este caso el Sr. Mosquera, mayores aclaraciones o más aclaraciones digamos a los técnicos municipales, y que nuestro voto que aparentemente se dice que es un voto afirmativo y por lo tanto unánime para la aprobación de estas alegaciones, lo que entendieron los compañeros que estaban allí es que usted reclamaba que había que pedir unas aclaraciones mayores a los técnicos municipales y que por lo tanto que el acuerdo era ese.

Queremos apuntarlo porque nuestro voto va a ser de abstención en este asunto y debemos de explicar el por qué.

Muchas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar o ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Servizos, de data 05.03.2013, no que se presta conformidade aos informes dos técnicos municipais e aos planos subscritos polo arquitecto xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, de xeito que as observacións contidas nos mesmos se presenten como informe municipal/alegacións ao Plan Xeral de Ordenación do Concello de Vilaboa.

C.2 RATIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE COMPARECENCIA DESTE CONCELLO COMO DEMANDADO PERANTE A SECCIÓN SEGUNDA DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO NÚM. 4080/2013.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, a urxencia da moción considerase aprobada polo asentimento dos presentes (25).

Sen intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), acorda ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 04.03.2013, sobre a comparecencia deste Concello ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, no recurso contencioso-administrativo (procedemento ordinario) núm. 4080/2013 interposto pola Entidade Mercantil "INVERSORA VILLAGARCIANA, S.A." contra acordo do Pleno da Corporación de 30.10.12 de aprobación definitiva do Plan de Sectorización do solo urbanizable B-8 en Cons-Mourete tramitado a instancia de don Saturnino Mirón Gutierrez e "Inmobiliaria Nino Mirón y Xiabre, S.L."

Seguidamente o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro.



O **Sr. Moreira Ferro**: Unha cuestión, xa rematado este punto.

A este grupo se lle notificou, foi despois da Xunta de Portavoces, unha proposta de moción ao pleno do Concello de Pontevedra dos veciños de Moldes Mourente, afectados polas riadas e inundacións. Non sabemos como se vai tratar isto, se se vai tratar neste pleno, se vostede admite a incorporación desta moción.

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**: En principio non está na orde do día e polo tanto non se vai a tratar.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:

4.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2012 DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento da liquidación do presuposto do Concello do exercicio 2012 (aprobada por Decreto da Alcaldía de data 21.02.2013), incluídas as dos seus organismos autónomos, Pazo de Congressos e Exposicións (aprobada por resolución da Presidencia de data 21.02.2013) e Instituto Municipal de Deportes (aprobada por resolución da Presidencia de data 21.02.2013).

5.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DO 27 E 28.02.2013, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PP NA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA, ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS, E NO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES; ASÍ COMO DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO PLENO, A CONSECUENCIA DA SUBSTITUCIÓN DE 3 DOS SEUS CONCELLEIROS.

O Pleno da Corporación toma coñecemento de decretos da Alcaldía do 27 e 28.02.2013, de nomeamento de representantes do grupo municipal do PP na Mancomunidade Terras de Pontevedra, organismo autónomo Pazo de Congressos e Exposicións, e no Instituto Municipal de Deportes; así como de modificación da composición das Comisións Informativas do Pleno, a consecuencia da substitución de 3 dos seus concelleiros.

6. DACIÓN DE CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25.02.2013 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2013.

O Pleno da Corporación toma coñecemento de acordo da Xunta de Goberno Local do 25.02.2013 de solicitude de subvencións para a prestación de servizos sociais para o ano 2013.

7.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de febreiro de 2013, dos decretos e resolucións pendentes do ano 2012, das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de xaneiro de 2013, así como das resolucións destes órganos directivos pendentes do ano 2012.

8. INTERPELACIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR AO SR. ALCALDE EN RELACIÓN AOS PROXECTOS DE OBRAS ANUNCIADAS POLO GOBERNO LOCAL E NON EXECUTADAS.

O Sr. Alcalde-Presidente: ten a palabra o señor Moreira.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, señor Alcalde.

Interpelo, nesta ocasión, para coñecer a súa posición sobre unha cuestión pola que nos preguntan as asociacións de veciños en Pontevedra, e que é a seguinte: que pasa coas obras prometidas por Lores das que nunca se soubo?, ben, eu pódolle enumerar algunhas obras anunciadas polo seu goberno bipartito e non executadas: a conexión da avenida Fernández Ladreda coa avenida de Vigo, derivada do convenio da ONCE, tamén un parking para residentes na rúa Amado Carballo, as traseiras ou medianeiras da Peregrina, a urbanización da fronte do estadio de Pasarón, da que xa se cumpriron seis meses dende o partido inaugural do estadio co compromiso, entón, pola súa parte, de adecentar inicialmente aquilo para poder celebrar o partido pero co compromiso de logo poder facer a urbanización que estaba prevista, pasaron seis meses e aínda non hai nada, recentemente soubemos, dunha parte do seu goberno, que iso non era prioritario, polo tanto, parece que non hai intención de acometer esa urbanización; tamén a reforma da casa consistorial, que vostedes veñen afrontando con parches, agora anuncian outra inversión; a famosa ronda urbana, que vostedes anunciaron hai tempo e dicían que se non o facía a Xunta a executarían vostedes cos seus recursos; o traslado das oficinas municipais ao antigo cuartel de San Fernando; a reforma de o Campo da Torre; a reforma do barrio de Santa Clara; o desdoblamento da avenida de Vigo, que parece que agora se vai facer pero, dende logo, non porque dependa de vostede senón porque o Ministerio de Fomento xa aportou os recursos; a peatonalización de parte da rúa Benito Corbal e a reforma do contorno da Praza de España. Tampouco deixan, coa súa xestión, facer a outras administracións outro tipo de inversións como, por exemplo, o edificio dos novos xulgados de Pontevedra en A Parda, porque todavía a día de hoxe recoñecen que non teñen os terreos, a pesar de que se comprometeron por convenio a adquirir eses terreos. Todo isto a que se debe?, sinxelamente a que o concello non conta con fondos para facer fronte a todas estas obras.

Vostedes, no seu momento, anunciaron a reforma de Loureiro Crespo, do refuxio de animais, o Museo da Historia e, pasadas as eleccións, contaron a verdade, e a verdade foi que non había cartos e que todo era mentira. Os cartos que había a que se adicaron?, pois gran parte deles a pagar indemnizacións as adxudicatarias, vímolos no refuxio de animais, vímolos en Valentín García Escudero e en moitos outros asuntos, polo tanto, o emprego dos recursos non é óptimo por parte do Concello de Pontevedra. As principais actuacións que lle serviron para disimular a súa



incapacidade foron ou son impulsadas, na súa totalidade ou nunha grande parte, por outras administracións, aí está o futuro desdoblamento da avenida de Vigo, a mellora da urbanización de Monteporreiro, a reforma do nó do Pino, o novo edificio do museo, o desdoblamento do vial Pino-Bora, e unha longa lista que non vou a enumerar aquí. As únicas actuacións de certa envergadura que están vostedes a executar neste momento son: a ampliación do carril bici pola Ponte dos Tirantes; o arranxo das losetas, levantadas dende hai anos, en toda a cidade por defecto do material empregado ou ben por defectuosa execución; en canto ao Campo da Torre anunciaron un proxecto, pero como aos veciños non lles gustou os castigan deixándoo en stand by; en stand by é como está o seu capítulo de inversións, señor Lores, no Concello de Pontevedra; está tamén anunciada a restrición do tráfico en Benito Corbal, se ben agora anuncian que non optarán por material de baixa calidade, do que nos alegamos e, polo tanto, duplicaría o orzamento a 120.000 euros, o orzamento previsto inicialmente que segundo a información na prensa era de 60.000 euros, pero tampouco esta obra a poden facer porque non aprobaron presuposto para o 2013, ve como é importante ter un presuposto?.

Polo tanto, señor Lores, o balance anual foi de inexistencia de investimentos e obras dun mínimo calado por parte do concello. No 2012, no ano xa rematado, só escoitamos de vostedes publicidade sobre as súas supostas intencións sobre reformas urbanas e viarias como dixen antes, o Campo da Torre, Santa Clara, o traslado da política de lombos ao rural, os aparcamentos disuasorios ou algunha mellora no tráfico, aínda que sen, case, resultados tanxibles.

Podemos particularizar nos últimos episodios, particularmente no Campo da Torre que era un proxecto que o señor Louro priorizou, no seu momento, xunto con Santa Clara, nos proxectos de reforma urbana e, en abril do ano pasado, o propio señor Louro dicía, léolle un artigo dunha noticia na prensa que dicía: “Antón Louro explicou ayer que prioriza en dichos planes los barrios de Campo da Torre y Santa Clara, cuyas obras podrían estar contratadas antes de dos meses”, polo tanto sería antes de xullo de 2012; di ademais: “la caja municipal dispone de 1,9 millones de euros para estas obras y el concejal socialista quiere que se adjudiquen cuanto antes. El ritmo de ejecución de las obras estará limitado por los recursos económicos de los que dispongamos”, vese que non hai recursos económicos porque o ritmo das obras foi tal que nin empezaron a arrancar; di tamén a noticia: “también se incluyen entre los próximo planes de reforma urbana el tramos de la calle Loureiro Crespo que discurre ante el Hospital Provincial, se trata, en todo caso de obras sencillas”, isto ratifica o que lle acabo de dicir, “porque se actuará unicamente en superficie”; isto contrasta co que fan outras administracións, porque á Xunta de Galicia no proxecto de reurbanización da superficie en Monte Porreiro vostedes lle esixiron cambiar servizos soterrados, parece que lle esixen aos demais o que non fan vostedes; di a noticia esta tamén: “el señor Louro indicó que ha encargado a los técnicos municipales la redacción de un proyecto para esa zona basado en la ampliación de los espacios peatonales y en la reducción de las plazas de aparcamiento, sin bien sin precisar un ámbito concreto ni un calendario de ejecución, muy condicionado por la escasez de recursos económicos. La ejecución de este proyecto no se prevé a corto ni medio plazo, antes se iniciarán los trabajos de Santa Clara y Campo da Torre.” Polo tanto, señor Lores, o que extraemos, por exemplo, desta noticia é que son compromisos do 2012 incumpridos, que se deben a dificultades económicas, isto, sen dúbida, se debe a que eramos unha administración tutelada pola Xunta de Galicia, todo por incorrer en desequilibrio orzamentario, e dicía tamén,

particularmente, nestes proxectos que anunciaba o señor Louro, que o señor Louro dispoñía de 1,9 millóns de euros, non sabemos que pasou con eses 1,9 millóns de euros.

Polo tanto, señor Lores, o que está claro é que o incumprimento dos seus compromisos xa é un sinal de identidade do seu goberno. A elo se une a falta de orzamento, que xa sabemos todos que soamente vostede fai orzamento nos anos pares e este ano non toca; estamos á espera de que vostede tamén se faga insumiso contra esta norma e a rompa e se decida a facer orzamento nos anos impares.

O capítulo de inversións, segundo consta no informe da liquidación do orzamento 2012, fala de que dos 20,7 millóns dos créditos definitivos só se executaron a metade, 10,5, polo tanto, de 20,7 millóns hai 10 que non foron executados, e deses 20,7, 12,3 veñen de incorporacións de remanentes, é dicir, de inversións que dixeron que ían facer nos exercicios anteriores e que non fixeron. Supoño que agora, todos estes compromisos que anuncian de inversións pois non os acabarán executando e, polo tanto, se incorporarán ao orzamento do ano que ven, se é que o fan, e venderán como novas inversións pero isto é arrastrar compromisos incumpridos, señor Lores, e ao final, está moi ben que vostedes enchan as cifras e digan que manexamos un orzamento de 80 ou 100 ou 200 millóns, se queren, pero a realidade é que son as mesmas cantidades que ano tras ano quedan se executar.

Nada máis, señor Lores, finalizo o meu turno para que vostede tome a palabra e fale, como adoita a facer, do que lle apeteza, pero incluso, se o considera conveniente me conteste. Polo tanto, esperamos que se pronuncie sobre que vai a pasar con todos estes proxectos anunciados e non executados no Concello de Pontevedra.

Nada máis e moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, señor Moreira.

Eu encantado de que me pregunte cousas porque preparando a miña intervención o paso moi ben e ademais me da ocasión de matizar certas cuestións de política municipal. Ao fío de todo isto, acabamos de aprobar a liquidación do orzamento do ano 2012 e está todo incluído aí. A min sorpréndeme, agradablemente ademais, o voto favorable do PP a esta liquidación onde, efectivamente se fixeron obras e cousas e a corporación está, por unanimidade, de acordo co exercicio 2012, co cal, só con este feito xa non faría falla dicir moitas cousas máis porque, efectivamente, cerramos un exercicio con superávit, cerramos un exercicio con incorporación de remanentes, fixemos as obras que fixemos e estamos todos de acordo, viva la madre superiora e alegría!, non encaixarían moito todas estas preguntas seguintes criticando do 2012 cando tivo ocasión de facelo na liquidación.

O señor Moreira pregúntame esta vez sobre actuacións diversas que o goberno local anulou, paralizou ou aínda non executou. Eu quixera facer, para que se entenda, un símil, non sei se o señor Moirera a algún partido do Pontevedra vai, normalmente na fase de ascenso, el vai a algún porque o teño visto pero non sei si sabe de fútbol ou dalgún tipo de deporte, pero eu vou usar un símil deportivo para que se me entenda ben a contestación: hai un factor fundamental no fútbol, especificamente, para render a bo nivel xogando que é saber cal a función que cada xogador ten que cumprir, a colocación que debe ter no campo; ocorre que cando un xogador por moi técnico e moi bo xogador que sexa está mal colocado ou está sempre fora de lugar e non garda ben a súa posición, en lugar de axudar ao equipo resulta que se convirte nun



estorbo. O pleno pasado o señor Moreira metíase nun patacal, para que nos entendamos, traendo a colación un informe sobre suposta transparencia e corrupción dunha organización máis ben mafiosilla, máis mafiosilla que sería e, claro, nun momento no que ao PP lle choven casos de corrupción absolutamente por todos os lados, utilizando o símil deportivo pode dicir que é un erro, falta de colocación, outra vez na verza, mal colocado, fora de sitio. Como a Xunta de Galicia está escasa de choferes e ordenanzas, ou ao mellor é que non lle paga as horas extras aos ordenanzas, pois o señor Moreira e algún dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, vanlle facer bulto ao señor Tourís cando hai que visitar algunha das escasas actuacións que a Xunta ten no concello. Como a Xunta de Galicia tamén ten escasez de notificadores pois o señor Moreira non ten reparo ningún en exercer de mozo dos recados para notificacións que todo o mundo sabe que deben ir polas vías ordinarias; cando o Concello manda un expediente á Xunta o expediente non ven polo portavoz do Partido Popular, ten que vir pola vía ordinaria ao Concello de Pontevedra; ademais hai unha cousa que se chama lealdade institucional que supón que primeiro o ten que saber a administración que solicita o informe pertinente e, en todo caso, ao mesmo tempo ou despois, enterarse os políticos, é como si a señora Ana Isabel me informara a min neste pleno de que pasa co papel que lle mandamos alá para a Deputación e me di: “non, xa llo traio eu”, non é procedente iso.

O señor Portavoz do Partido Popular de Pontevedra, en vez de exercer como tal portavoz do Partido Popular de Pontevedra, que é un cargo de alta responsabilidade pois representa a moitos miles de pontevedreses, convertese nun correveidile, e non quero que me entenda mal, o sinto pero saíume, vostede é un pouco máis novo que nós pero naquela época había moitos comics e había un que se chamaba “el botones Sacarino”, entón, eu creo que exercer de botones Sacarino é outro erro de colocación, mal colocado outra vez, fora de sitio, exercendo de botones Sacarino. Segue na mesma liña, o señor Moreira, que no pleno pasado e, entón, hoxe, cando todo o mundo sabe e non só sabe senón que ademais padece, e ben que o padece, que hai unha ofensiva brutal para recortar o gasto público e para empobrecer tanto as administracións como aos cidadáns, e cando é público e notorio que o PP está aplicando unha política salvaxe que está levando á pobreza a amplas capas da poboación e impedindo que as administracións os poidan socorrer, ou cando o goberno do Estado, aplicando a noxenta modificación da Constitución e a lei de estabilidade, impide que un concello saneado como o de Pontevedra poida gastar incluso o que ten aforrado, o señor Moreira, unha vez máis, métese nun patacal do que nunca pode saír ben parado. Volvemos a estar mal colocados.

A min resultárame fácil, moi fácil, contestarlle que xa que está exercendo de botones da Xunta pois en vez de exercer nunha dirección exerza nas dúas, botones bidireccional, e faga de Sacarino do Concello levándolle a Xunta o recado de preguntarlle, por exemplo, que pasou co Carlos Oroza, e o digo porque o conselleiro, xa do mandato anterior e que despois non volveu vir máis por aquí, o primeiro ano do mandato anterior veu aquí e dixo que se confirmaba a construción do Carlos Oroza, despois de dar a vara anos e anos coa parcela, que si non estaba a parcela, que si non se sabe que faltaba, bueno, o mesmo que están a facer agora cos terreos do xulgado, que pasou co Carlos Oroza?, que é un centro de formación profesional onde se forman moitos mozos e mozas nun tema como é a hostelería e o turismo que, parece ser, é o único que nos queda neste país. Que pasou tamén coa mellora da estrada de Vilagarcía?, se acordan da estrada de Vilagarcía?, había proxectos xa de antes, de cando Feijoo era conselleiro do goberno anterior do Partido Popular, o

gobierno bipartito pasou outro goberno e había proxectos para arriba e para abaixo, a rotonda, non se sabe que, e non sabemos nada da estrada de Vilagarcía, que é unha petición municipal para mellorar a seguridade vial, polo menos no tramo, obviamente, que corresponde ao Concello de Pontevedra. Que pasou coa ampliación do hospital de Montecelo; co colexio de Valdecorvos, que tamén en sede parlamentar se comprometeu o conselleiro a executar; coa urbanización ou reurbanización da estrada de Pontecaldelas; co colector de O Gafos, ese colector que hai tres anos que está adxudicado dentro do convenio da Xunta co Concello, do segundo convenio, e que parece ser que non se sabe que pasa con el; coa actuación de Loureiro Crespo e a do Castañal, que estaba tamén comprometida pola Xunta anterior; ou coas vivendas sociais de Tafisa, da rúa de A Barca, etc., etc., etc. Pero aínda que o seu partido eu vexo que non o respecta, porque mandalo traer papeliños de recadeiro iso non é respectar a un portavoz, vostede tampouco se respecta moito como portavoz, porque anda facendo de mozo dos recados da Xunta, eu, dende logo, como Alcalde vouno respectar, eu vouno respectar e, polo tanto, eu no quero que faga, en fin, que faga de portavoz si pero de botones non, nin da Xunta nin do Concello, ou sexa que se vostede vai e fai de correveidile da Xunta será baixo a súa responsabilidade, pero eu non lle vou a pedir que me traia un papel que lle corresponde, en todo caso, aos funcionarios da administración autonómica. Eu poderíalle dicir outras cousas, poderíalle responder, por exemplo, que algunhas das actuacións que vostede mencionou, expresamente a zona verde de Pasarón ou as medianeiras da Peregrina, veñen do plan do ano 1953, do 53, dende o ano 1953 para acá vostedes gobernaron corenta e seis anos e nós catorce, non me dirá que vostede non representa a dereita de toda a vida, nós gobernamos 14 e creo que teñen vostede algo máis de responsabilidade que nós de non executar esas dúas cuestións. Tampouco me negará vostede que outras actuacións foron decisión da Xunta, señor Moreira, que logo non se enteira do que lle digo, outras actuacións que vostede comenta ou, polo menos, comentou na prensa, porque hoxe creo que non fixo referencia, son decisións da Xunta, como por exemplo suprimir o Plan de Inclusión, que o creou o señor Fraga non sei en que ano, foi o señor Fraga, que en paz descansa, quen creou o Plan de Inclusión utilizando fondos europeos para un programa das grandes cidades, pois: “Dios me lo dió Dios me lo quitó”, de repente, nun momento determinado, o Plan de Inclusión non era necesario e, entón a Xunta desviou os fondos europeos, se os hai, para outra cousa, e eliminou o Plan de Inclusión, un plan que ademais, dígollo para que se entere porque parece que non se enteira, o seu goberno de Madrid pretende prohibirnos por lei, o goberno do seu partido pretende prohibirnos por lei que prestemos servizos sociais, agás o servizo de emerxencia ou de proximidade, este caso, dende logo, non era un servizo de proximidade nin de emerxencia, iso está na lei, señor Moreira, se le vostede o borrador da lei recolle perfectamente este tema, pero non, é moito máis fácil botarlle a culpa ao concello, o concello resulta que é responsable de que a Xunta suprima un plan que é competencia da propia Xunta e creou a propia Xunta, eu creo que nese tema teñen vostedes máis responsabilidade que nós.

Tamén podería falarlle de que a maioría dos proxectos aos que fixo referencia no pleno, ou nos medios de comunicación, foron decisións do goberno local que se tomaron cando o goberno anunciaba que habería fondos extraordinarios para loitar contra a crise e o desemprego. Despois do ano 2010, sen previo aviso e por imposición europea, pasamos á política contraria, a de recortar e estrangular os recursos das administracións. Eu supoño que terán vostedes máis responsabilidades



das que podemos ter nós a nivel local de que se produzan estes recortes que reducen as posibilidades dos concellos e doutras administracións para intentar loitar, precisamente, contra a crise e o desemprego.

Indo ao fondo do asunto, este goberno local sempre adaptou as súas prioridades aos recursos dispoñibles e, en consecuencia, as actuacións a executar, e fixo unha reprogramación completa, aquí está a clave da contestación, a reprogramación vai neste sentido: o que non é urxente pode agardar para mellor ocasión e o que puidera resultar menos importante ou de menor rendibilidade social elimínase, esas son as dúas claves. Se quere pódolle reiterar as explicacións que, puntualmente e coa máxima transparencia, se foron dando publicamente de todas e cada unha das decisións tomadas para adaptar as actuacións previstas ás circunstancias económicas, pero creo que se faría xa demasiado longo e, ademais, son coñecidas por todo o mundo porque se fixeron públicas, asunto por asunto, creo que é inútil a exposición. Voulle dicir que estamos moi orgullosos, absolutamente satisfeitos, de telo feito así e de non estirar máis os pes do que da a manta, estamos moi orgullosos de facelo así e de non meter ao concello en aventuras de incerto final.

Quero facer unha reflexión pública e, ademais, espero que me conteste vostede tamén a algunha preguntinha. Eu non quero pensar cal sería a situación económica do Concello de Pontevedra e, polo tanto, a prestación de servizos básicos e fundamentais se vostedes tiveran o goberno e executaran o seu programa, son dúas condicionantes, se tiveran o goberno e executaran o seu programa: estación soterrada de 60 millóns de euros; túneles de beiramar; túnel e balea da Praza de Galicia; 60 millóns que é o que calculamos, por abaixo, que lle corresponderían ao concello, para posibilitar o hospital privado de Montecarrasco; dende logo o panorama, se vostedes tiveran o goberno e executaran o seu programa, sería dantesco, aparte de ter levantada Pontevedra de arriba abaixo, estarían as obras abertas, sen poder rematarse por falla de recursos, o concello arruinado, a cidade paralizada por obras inútiles, eternas e sen futuro, pois anda que non nos libramos de nada en Pontevedra!, nos libramos dunha boa.

Con estes antecedentes no goberno do Estado, da Xunta e do seu propio programa electoral, que presentaron en Pontevedra nas últimas eleccións, a balea é das últimas eleccións, vai vostede e se mete noutro patacal enfrontándose e preguntándolle a un goberno local serio, riguroso e que aquilata ata o último euro que se gasta. Mal colocado, na verza outra vez, fora de xogo, erro de colocación, non sei como se lle pode chamar a iso.

Eu preguntolle unha cousa, señor Moreira, xa rectificou vostede?, xa renegou do seu programa?, é unha pregunta, renegou ou non?, non contesta?, estoulle preguntando, rectificou xa?, renegou do seu programa?, estoulle preguntando, bueno, non renegou, entón, se non renegou eu preguntolle a vostede: que propón, señor Moreira?, que se faga a balea da Praza de Galicia ou prefire os túneles de beiramar?, ou a estación soterrada?, ou os 60 millóns que había que poñer para facer o hospital de Montecarrasco?, que esperemos que non se faga nunca; en que propón arruinar ao concello vostede?, porque en teoría os programas se fan para executar, vostede propoña, elixa, se ve que non escolleu aínda. En todo caso, gustárame que me aclara esas cousas porque creo que son importantes, o demais está perfectamente contestado ao longo deste mandato, reprogramouse, despois das condicións económicas ás que nos ten sometido o seu goberno central, e as cousas vanse facer cando se poida, priorizándoas e sacándolle a máxima

rendibilidade social.

Esta é a miña contestación que eu creo que é seria e eu, dende logo, non teño ningún inconvinte en que me siga a facer preguntas destas características porque me gusta, tamén, gañar o partido de vez en cando, non se gana sempre pero cando vostede pregunta algo aquí case sempre gañamos por goleada. Moitas gracias.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, señor Presidente.

Vostede gañará aquí, segundo a súa versión, pero, dende logo nas urnas nunca gana, non sei como fai.

Por entrar un pouco na materia na que vostede quere entrar que, dende logo, xa lle dixen na miña intervención que podería falar do que lle dera a gana e se lle apetecía que me contestara, como vexo que non me contesta voulle dicir que nós tiñamos un programa, nós non tiñamos un cómic, tiñamos un programa e, dende logo, faime gracias e é algo inaudito que o Alcalde lle pregunte ao portavoz da oposición, non sei se vostede se da por vencido ou xa non se ve con ganas de ser Alcalde, nin co apoio suficiente da rúa para ser Alcalde pero, dende logo, nós si que nos presentamos cun programa, os cidadáns puideron opinar sobre un programa, sobre o seu programa no puideron opinar porque vostede estaba anunciando unha serie de obras e, fíxese a onde chega vostede que xa non se conforma con anunciar obras, que as chegou a licitar, as chegou a licitar, e pasadas as eleccións dixo: “todo era mentira”, desfíxo os contratos, custounos cartos, aínda estamos pagando iniciacións ás empresas... vostede vai tan ao límite que ata chega a licitar, home, quédese na promesa, como a maioría dos políticos, límitese a prometer e logo non cumpra pero non chegue a licitar porque iso custa cartos.

Alégrome que vostede con esa contestación recoñeza que non teñen fondos nin teñen capacidade, o que sabemos é que os únicos cartos que hai no Concello de Pontevedra son para festas e para salarios, señor Lores, non hai para outra cousa, estamos vendo que só hai parches en Pontevedra.

En canto a renegar, eu non renego de nada, renegou vostede de Bildu, dos pactos con Bildu e da soberanía e toda esta historia. Mire, señor Lores, vostede non se enteira de nada, ata dixo que votamos a favor na liquidación, vostede leva vinte e cinco anos de concelleiro, vai para vinte e seis xa, e aínda non sabe que a liquidación no Pleno non se vota senón que só se da conta, xa vamos maiorciño para saber estas cousas, señor Lores.

En canto ao de recadeiro, non son recadeiro de ninguén, eu son recadeiro dos cidadáns. En Valentín García Escudero hai un problema, dende hai seis anos e medio, que vostedes non foron capaces de resolver e os veciños xa se están acostumando a vir a falar co Partido Popular, en vez de falar co Alcalde de Pontevedra, porque o Alcalde ou non os recibe ou os recibe e lles da largas e non soluciona nada. É máis, moitos veciños xa veñen directamente a falar co Partido Popular que, polo menos, dálles respostas e sabe que se vai interesar e, dende logo, foi o que fixen, eu me debo aos veciños e fun a Santiago varias veces a preguntar por este tema, porque é certo que o seu goberno estáballe dicindo aos veciños, dende hai un ano: “isto está na Xunta de Galicia e mentres non informe...”, vou a preguntar a Santiago e resulta que alí non entrou a petición ata o 29 de decembro do 2012, cando vostedes levaban meses dicindo que estaba na Xunta de Galicia, encima mentindo, con propagando e publicidade pero mentindo, e dea gracias que non lle paso o quilometraxe nas dietas, señor Lores, porque estaba facendo eu o



traballo que tiña que estar facendo vostede, en vez de andar abrazando farolas e hospitais. Eu serei botones Sacarino pero vostede debe de ser Rompetechos, porque non hai máis que ir a Valentín García Escudero e ver o que hai alí, algún que veña de turista dirá: “carai, aquí debeu caeu un meteorito deses que andaban por Rusia”, é un estercoleiro absoluto, mire vostede as rúas, todas as losetas levantadas, a xente en Pontevedra tropeza, debe de ser que a xente en Pontevedra non sabe andar, caen todos polas rúas, así nos chegan reclamacións, día si día non, de persoas que reclaman por danos por caídas nas rúas porque tropezan con losetas, deben ser as obras de emerxencia estas polas inundacións que afectaron a Pontevedra. Vaia vostede a Lourizán porque debeu caer outro meteorito por alí porque parece que estamos noutro século en Lourizán.

Vostede tocou o tema de Transparencia Internacional que toquei eu na outra outra interpelación, mire, hai uns días varios medios de comunicación internacionais falaban do índice de transparencia de varios países e se facían eco, precisamente, de Transparencia Internacional, algo que vostede se toma a broma e, aínda por enriba di que se sente orgulloso de ocupar un dos últimos postos en Transparencia Internacional, todo o contrario, por exemplo, que o Alcalde de Bilbao que se sente orgullosos de ocupar un dos primeiros postos en Transparencia Internacional. Vostede tratou de desprestixiar esta organización que todo o mundo respecta menos vostede, vostede ás empresas privadas só as respecta cando lle dan un premio pero, mire, Transparencia Internacional ten uns patrocinadores que vostede aquí demonizou pero son os mesmos que patrocinan a Fundación Pons que o outro día organizou unhas xornadas nas que vostede foi a falar, mire, Telefónica, Repsol, Endesa, Google, Antena 3, Acciona, Fundación Madrid por la Excelencia, Foro de Marcas Renombradas Españolas, Egeda, Genoma España, Pons Patentes y Marcas, Madrid Excelente, Madrid Biocluster... todo de Madrid e vai vostede alí a facer o parvo, a falar para unha organización que está patrocinada por esta especie de entidades demonizadas.

Señor Lores, a min paréceme cruel que vostede teña a cara, despois de suprimir o equipo de inclusión social, que é unha competencia do Concello de Pontevedra e así está na Lei de servizos sociais, si, si, está na Lei de servizos sociais, vostede pode inventar outra lei e ser insubmisos a esa lei pero esa lei di que é competencia do Concello de Pontevedra, e vostede suprimiu ese equipo, mandou a tres persoas, as tres mulleres, por certo, á rúa, unha delas, polo menos, cualificada como despido improcedente e agora ten a cara de saír dicindo: “temos 200.000 euros de superávit”, cando o servizo de inclusión social custaba 144.000 euros. Vostede é un insolidario e un insensible. Quitándolle a careta propagandística a realidade é que vostede é un insensible, non se pode dicir iso, polo menos cale a boca e non diga que ten superávit, cale a boca despois de facer o que fixo.

Vostede o que ven facendo é subir impostos, sangrar aos cidadáns a multas, vostede recadou 1.832.000 euros en multas, sobre o 1.300.000 que estaba presupostado, 500.000 euros máis. Dígolle máis, sen non fora polas multas habería déficit, que lle parece?, temos superávit 200.000 euros pero recadou 500.000 euros máis en multas, se non recadara iso estaríamos en déficit.

A realidade, señor Lores, é que aquí o único que hai son compromisos de obras, anuncios que os cidadáns que teñen os seus problemas diarios pois co paso do tempo os esquecen e vostede aproveita iso para o ano seguinte anunciar as mesmas obras. A realidade é esa.

Eu preguntelle por unha serie de obras e non me soubo contestar, agora di que prioriza pero priorizar con nada é moi difícil, señor Lores, cando non se teñen cartos é difícil priorizar e, polo tanto, o que estamos vendo é que só vai haber parches a partir de agora, parches, obriñas pequenas, unha aquí e outra alí, xa lle digo, non vai haber nada máis e xa todos o sabemos. Alégrome de que, por fin, recoñeza que non teñen capacidade financeira para facer inversións en Pontevedra.

Nada máis e moitas gracias.

Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Primeiro, de verdade, sexamos serios, hai que falar con propiedade, e o tema da inclusión é un proxecto da Xunta, que o creou o señor Fraga e o eliminou a Xunta de Galicia, entón, non minta, eu podo tolerar o que queira pero non minta, non minta.

Nós claro que tivermos 200.000 euros de superávit, ao mellor houberamos tido 1.900.000 se a Xunta mandara os cartos que estaba mandando ata agora, por exemplo, en servizos sociais, pero estamos apandando con 700.000 euros menos de servizos sociais que non manda a Xunta que goberna vostede, por poñer un exemplo.

Eu xa lle expliquei que a motivación da reprogramación foi o cambio de política económica e os recortes sistemáticos nas administracións públicas que os seu partido estivo facendo, polo tanto, para ser serios, hai que recortar. Voulle dicir unha cousa que non dixen nunca, ogallá cando tivemos ocasión, que xa era tarde, nós houberamos suprimido, por poñer un exemplo, a construción da Cidade da Cultura, fíxese o que lle digo, era tarde porque estaba feito xa un edificio enteiro, pero se a Xunta de Galicia, a do Partido Popular ou a bipartita, que chegou tarde, houbera paralizado a Cidade da Cultura outro galo nos cantaría. Polo tanto, botadas as contiñas se reducen as inversións ou se reprograman as inversións porque senón pasaría o que pasaría se vostedes gobernarán e estiveran facendo a balea de Campolongo. Polo tanto, eu creo que lle expliquei que se reprogramou porque as condicións variaron e unha das condicións que variaron foi redución das aportacións que o Estado e a Xunta fan a este concello, polo tanto, nós temos que manter as nosas competencias como as temos que manter e, aínda así, tendo en conta a baixada deses ingresos, se atenden os casos de emerxencia e aínda se van facendo inversións.

É curioso porque hoxe trouxemos aquí tres millóns e pico de euros para facer cousas importantes e necesarias e vostede nin sequera tivo o valor e a decencia de votar a favor e logo di que non facemos absolutamente nada.

Hai una cousa que me gustou que aclarara que é que o seu programa non era un cómic, esa foi a aclaración máis importante. O noso era un cómic, xa se sabía que era un cómic, poñíamolo en formato de cómic, pero vostedes fixeron un programa cunha balea que está ben que diga que non era un cómic porque ademais non serviu para iso, porque nós o cómic para o ano que ven ou o seguinte faremos outro, pero vostedes non executaron absolutamente nada dese programa, e menos mal!, xa tiñan pensado non executalo, e menos mal que non lles tocou gobernar porque estaríamos na situación na que estamos, na situación que deixou, por exemplo, o señor Fraga e o goberno da Xunta coa Cidade da Cultura e con outras cousas.

Eu creo que está perfectamente contestada a pregunta e, dende logo, estou encantado, ilusionado e intrigado por cal vai ser a súa seguinte pregunta neste pleno



para poder seguir disfrutando contestándolle a estas cuestións. Apañando nas verzas en vez de estar colocado no medio campo como é debido.

Moitas gracias, señor Moreira.

9. PREGUNTAS.

A) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, D. CÉSAR ALBERTO ABAL GONZÁLEZ, RELACIONADA COS ORZAMENTOS DO CONCELLO.

O Sr. Abal González: Mi pregunta es para el señor Raimundo, es una pregunta breve que requiere una respuesta breve, si o no, ¿va a haber presupuesto general este año?, si o no.

Contesta o Sr. González Carballo: Xa o hai.

O Sr. Abal González: He dicho nuevo.

Indica o González Carballo: Non está caducado que está prorrogado.

Pregunta novamente o Sr. Abal González: ¿Va a haber nuevo o no va a haber?, ¿lo tiene claro?, ¿lo sabe?, no lo sabe.

Contesta o Sr. Raimundo González: Non se preocupe que este concello se vai...

O Sr. Abal González: Quiere decirle a los pontevedreses si lo hay nuevo, ¿si o no?

Indica o Sr. Alcalde-Presidente: Xa lle entendemos, señor Abal.

O Sr. Abal González: No, parece que no me entiende.

Contesta o Sr. Alcalde-Presidente: O entendemos perfectamente, non fai falla que o repita vinte veces. Conteste.

O Sr. Raimundo González: Non, é que non sei si está rematada a pregunta.

Estamos niso e imos xestionar o último céntimo dos cidadáns moito mellor que o fai a Xunta de Galicia e moito mellor que o fai o goberno central.

B) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, SOBRE O PLAN DE ABSENTISMO ESCOLAR.

A Sra. Rodríguez Teso: Gracias, señor Alcalde.

A miña pregunta, Carmen síntoo, pero como aínda estamos á espera de saber si se

vai traer ao pleno o plan de absentismo, quería saber se xa vos puxestes de acordo entre os dous concelleiros que o outro día me respondestes dúas cousas distintas; non sei se goberna un só ou se gobernan os dous, porque mentres ti me dicías: "é posible que saia unha lei que nos quite esas competencias" e o concelleiro de educación dicía que si, pois é para saber si se vai traer ou non ese plan de absentismo.

A **Sra. Fouces Díaz**: Hoxe vamos cambiar as tornas, eu vou dicir que si e el vai dicir que non, pero si, si, si.

A **Sra. Rodríguez Teso**: Ah! vale, vale, pero aínda non se sabe para cando, non?

O **Sr. Agustín Fernández**: Salvo que saía esa lei e entón non o traemos.

A **Sra. Rodríguez Teso**: Ah! é que estamos esperando a ver si sae e así xa non o traemos, non?, iso me parece.

C) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, SOBRE O CONTRATO COA EMPRESA CLECE.

A **Sra. Rodríguez Teso**: Unha pregunta máis que quería facer á señora Fouces. É unha dúbida que teño: hai algunha incidencia na execución do contrato coa empresa Clece?

Pregunta a **Sra. Fouces Díaz**: Incidencia de que tipo?

Contesta a **Sra. Rodríguez Teso**: Algún tipo de problema na execución do contrato, parece ser que hai aí algo, polo que di a prensa e algún traballador de Clece, pregunto, porque non o sei, non teño certeza por iso llo pregunto.

A **Sra. Fouces Díaz**: Nós non temos representación no comité de empresa de Clece, en principio si teñen algún problema terán un problema sindical, haberá que preguntarlle aos representantes sindicais da empresa.

A **Sra. Rodríguez Teso**: Vale, vale, gracias.

10. ROGOS.

A) ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, D. RAIMUNDO GONZÁLEZ CARBALLO.

O **Sr. González Carballo**: Eu quería facer o rogo de que non se utilicen datos inexactos.



No orzamento de 2012 que veu aquí a dación de conta estaba orzamentado por multas 1.300.000 euros e se recadaron 1.183.327,55, cantidade inferior á do ano 2011, no que se recadaron 1.256.244,50. Como se utilizou erroneamente o dato pois rogo que se corrixa porque iso é o que ven na liquidación do orzamento da que demos conta hoxe, por tanto, é unha cuestión de coherencia entre as propias cifras, que non saian dúas diferentes, unha na dación e outra por outro lado.

Moitas gracias.

B) ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, D. JACOBO MOREIRA FERRO.

O Sr. **Moreira Ferro**: Rogo ao Concelleiro de Economía e Facenda que se lo haga mirar y que se lea la liquidación del presupuesto, no de derechos reconocidos, son 1.832.000, e non recordo unidades nin centenas, pero en miles é así. Datos inexactos no es conveniente usarlos en el pleno.

Moitas gracias.

O Sr. **González Carballo**: Transmítalle ao señor Moreira que se lo haga ver porque o ano pasado eran 2.500.000, na liquidación 2011.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 12:50 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.